

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESION DO PLENO INFANTIL REUNIDO NO SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CERDIDO O DIA DEZASETE DE NOVEMBRO DE 2016

Co gallo de conmemorara o día internacional da infancia , o Concello de Cerdido abre as súas portas a todos os nenos e nenas do CEIP A Barqueira para celebrar un Pleno Infantil , escoitar as súas demandas e materializar o seu dereito a liberdade de expresión .

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas e trinta minutos do día dezasete de novembro de dous mil dezaseis, reúnense en primeira convocatoria os seguintes concelleiros infantís que se citan a continuación: Enma Mourente Filgueira , Candela Breijo Pardo , Irene Rico Gracia, Laura Espiñeira Rodríguez , Lara Casas Viñas , Evelyn Pita Souto ,Lorena Poe Pascoe Jones , Anxo Martinez Santalla baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro . De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1º.- Proposta defendida por Enma Mourente Filgueira , quen tras presentarse antes os demais membros do pleno , fai a súa proposta para que pinten o patio interior do colexio , para que os nenos e nenas do colexio o poidan decorar , a demais solicita que se amañen as goteiras do colexio e que se cambie o chan para que non esvare .

O alcalde contesta que terá en conta as peticións e anuncia que se vai a pintar o muro exterior do colexio para que os nenos e nenas poidan decoralo.

2º.Proposta defendida por Everlyn Pita Souto quen tras presentarse ante os demais membros do pleno , fai a súa proposta para que no Concello se instalen fabricas para que poidan traballar os pais e as nais e non teñan que ir a vivir a outros concellos.

O alcalde contesta que lle gusta moito a proposta e que están traballando no tema .

3º.Proposta defendido por Anxo Martinez Santalla quen tras presentarse antes os demais membros solicita que o Concello realice mais actividades extraescolares , mais actividades musicais e artísticas porque moitos nenos van a Cedeira e en Cerdido so se pode ir o fútbol , e pide tamen se poda ir a outras actividades deportivas como Badminton

O alcalde contesta que o Concello colabora con asociacións para que oferten actividades e apunta a petición de clases de Badminton e anuncia que no concello tamén se pode ir a piscina .

4.- Proposta realizada por Lorena Loe Pascoe Jones quen tras presentarse antes os demais membros, solicita que neste momento onde hai tanta tecnoloxía no colexio ten moitos problemas , pasamos frío nas aulas , temos goteiras , as cisternas non funcionan e utilizamos pizarras con xiz e agradece ao alcalde que escoiten as peticións dos nenos .

O alcalde explica que é certo que o colexio esta obsoleto , que foi construído no ano 1973 e que necesitas reformas que xa empezaron este verán no que se intentou quitar as humidades existentes

, anuncia que traballará para resolver os problemas .

5.- Proposta realizada por Candela Breijo Pardo quen tras presentarse antes os demais membros do Pleno , solicita que se amañe o parque infantil de O Castro ,que está en moi mal estado , porque así se poden evitar accidentes e virían mais visitantes

O alcalde explica que é o parque infantil de O Castro esta situado nun sitio protexido , porque antes había un Castro e unha zona que hai que protexer , polo que se necesitan permisos de Patrimonio que tardan moito en chegar.

6.- Proposta realiza por Irene Rico Garcia quen tras presentarse antes os demais membros do Pleno, solicita que se melloraren as instalación do colexio e en concreto que se amañen os cuartos de baño do colexio que están en mal estado , as cisternas non funcionan a agua está fría e as portas non teñen pechaduras .

O alcalde propón que nas vindeiras vacacións de semana senta , intentará amañar todas estas deficiencias .

7. Proposta realizada por Laura Espiñeira Rodríguez quen tras presentarse antes os demais membros do Pleno , solicita que se amañe a pista exterior do colexio , porque o pavimento esta en moi mal estado e os nenos e nenos caen e máncanse , ademais recentemente pintaron as pistas de fútbol e baloncesto pero quedaron mal pintadas a demais o bordillo da pista é moi perigoso .


O alcalde afirma que a petición de pintado das pistas xurdiu do pleno do ano pasado e que ofrece de novo o polideportivo municipal para que nos recreo se xogue nel e que ten o pavimento novo ,

Laura Espiñeira Rodríguez respóstalle que nos recreos non queren voltar a outro espazo pechado e queren xogar no exterior .

8.Pregunta realizada por Lara Casas Viñas , quen pregunta ao alcalde porque non se abre a biblioteca da casa da cultura , porque aos nenos encántanos levar os libros a casa para podelos ler , ademais seria un lugar de reunión dos nenos e poderíase realizar actividades como contacontos e talleres , a demais sería necesario contar coa posibilidade de utilizar os ordenadores con conexión a Internet porque na ESO ,os necesitamos e hai nenos que non teñen ordenadores na casa .

O alcalde contesta que xa o ano pasado , propuxemos que ou ben os profesores os levaran a biblioteca unha vez a semana ou ben se pode ceder os libros á biblioteca da escola , agora mesmo na casa da cultura hai un problema coa conexión de Internet que se esta intentado solucionar , e anuncia que valorará todas as propostas realizadas .

Todos os nenos e nenas , agradeceron a posibilidade de ser escoitados no pleno infantil .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Despois dunha rolda de preguntas e e intervencións do público asistente , o alcalde levantou a sesión as doce horas e cincuenta minutos , do día dezasete de novembro de 2016 invitando a todos os presentes a que coñeceran as instalacións municipais

O alcalde

A secretaria

Benigno Galego Castro

Paula Díaz Tie